

# Vixilia Pascual

Xesús resucitado sae ó noso encontro e dinos:

*Alegrádevos!...*

*Non teñades medo!*

Nesta noite santa celebramos que Cristo resucitou, que vive e está presente entre nós.

Proclamámolo como **Luz** que ilumina o noso camiño.

Acollémolo como **Graza** que renova a nosa vida, facendo máis forte o noso amor e a nosa esperanza.



O Amor e a Vida venceron sobre o mal e a morte. Así o compartimos e o celebramos na **Gran Vixilia Pascual** que celebraremos o Sábado Santo, en:

**S. Xoán de Lóuzara: 8 da tarde**

**Mosteiro de Samos: 10 da noite**

**Neste Ano da Misericordia unímonos todas as parroquias de Samos para celebrar a PASCUA nunha única VIXILIA PASCUAL INTERPARROQUIAL no Mosteiro de Samos.**

**Anímate e comparte connosco esta grande Festa da Resurrección.**

(O Sábado ás 11 da mañán xuntámonos na igrexa do Mosteiro todos os que queiran colaborar para preparar esta gozosa celebración e tamén ensaiar os cantos).

**Feliz Pascua!**

Alí en Palestina, fai dous mil anos, encendeuse unha luz.

Un home, Xesús de Nazaret, empezou a anunciar unha nova forma de vivir, chea de amor, de entrega persoal, de confianza plena en Deus.

E no nome dese Deus, a quen el chamaba Pai, curou enfermos, levantou espíritos caídos, proclamou unha nova esperanza para os pobres.

E por iso, porque transformaba demasiadas cousas, porque quería un mundo totalmente renovado, matáronno, colgándoo dunha cruz.

Nós, cada ano, nestes días de Semana Santa, recordamos e contemplamos a este Xesús torturado e morto.

E, cheos de fe, confesamos que Deus o resucitou, e recoñecémolo como Luz que ilumina toda escuridade.

Con gozo, proclamamos que Xesús é o Fillo de Deus, o Deus presente entre nós.

E queremos seguilo de todo corazón, porque o seu camiño é o camiño da vida, o camiño do amor, da misericordia e da esperanza.

# Semana Santa 2016



**Unidade de Acción Pastoral  
Lousada - Samos**

## Domingo de Ramos

Xesús entra en Xerusalén montado nun burriño e aclamado pola xente que o acompaña.

Nós tamén o facemos, sendo conscientes de que este Xesús a quen aclamamos cos nosos ramos será condenado á morte pola súa fidelidade ó camiño de amor de Deus. Por iso a nosa aclamación é un compromiso de fidelidade a ese camiño.

Ó longo desta semana celebraremos e contemplaremos a Xesús coma o Fillo amado do Pai, que proclamou e viviu o servizo, o perdón e o amor a todos, sen distincións, ata morrer na Cruz.



## Xoves Santo

No cenáculo, contemplamos a Xesús que lava os pés ós seus discípulos como un signo da súa entrega. E escoitamos como nos deixa o pan e o viño como sacramento permanente da súa presenza entre nós, para acompañarnos toda a vida.

Neste día somos invitados a participar do **banquete do amor e da fraternidade** e a escoitar as palabras de Xesús: *amádevos como eu vos ameí.*




### Celebración do Xoves Santo:

**San Xoán de Lóuzara ás 12; San Mamede ás 4,30**  
**Suñide ás 6; Mosteiro de Samos 6**

## Venres Santo

Xesús morre na Cruz por fidelidade ó camiño de Deus e por coherencia con todo o que fixo e ensinou. Desde a Cruz móstranos que significa amar totalmente, como só Deus pode amar.

Nós hoxe celebramos a súa Paixón contemplando e adorando a Cruz desde a que nos abrazou a toda a humanidade. Agradecemoslle o seu amor, confesamos a nosa fe nel e comprometémonos co seu camiño de fidelidade e de entrega.



### Celebración do Venres Santo:

**San Xoán de Lóuzara ás 12; San Mamede ás 4,30**  
**Suñide ás 6; Mosteiro de Samos 6**